



Para presentar as solicitudes deben empregar o procedemento PR004A da Sede Electrónica da Xunta de Galicia accedendo a esta páxina web:

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>

No formulario da solicitude hai que cubrir os datos de identificación e representación e completar os seguintes recadros que están en **negriña** co texto que está en cor **verde**:

No **ASUNTO RELACIONADO**: **Solicitude de axuda para o almacenamento privado de viño**

En **EXPON**: **Que esta entidade está interesada neste procedemento**

En **SOLICITA**: **Se admita esta solicitude**

En **DESTINATARIO** no primeiro cadro elixir á **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL** e no segundo cadro elixir o **FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (FOGGA)**.

A continuación preman no botón **“Gardar”**

Na seguinte pantalla no apartado **“Outra documentación”** adxunten o Anexo III de solicitude de axuda para o almacenamento privado debidamente cuberto, asinado e escaneado en formato pdf e a documentación complementaria necesaria tamén en formato pdf. O aval teñen que presentalo físicamente na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia. O xustificante orixinal de telo presentado teñen que entregalo físicamente no Servizo Territorial do Fogga.

Por último preman no botón **“Continuar”** para acceder á última pantalla do procedemento de presentación.

